XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

6 de maio de 2008

Curso 2007/08 nº 25

Correo:boletin@edu.xunta.es



# Boletín Informativo

Contido:

*Libro de lexislación de educación primaria* 2

*Acto de entrega dos premios educativos 2007* 2

*Premios de innovación educativa 2008* 2

*Proxectos de innovación educativa 2008-2009* 2

*Concurso nacional de Buenas Prácticas de Convivencia* 3

*Premios Climántica* 3

*CSIC en la escuela* 3

*Primavera de Europa* 3

**Repositorio de noticias**

Ampliado o prazo para participar no concurso de debuxo Doazón de Órganos

Acceso

## *Programa inmersión lingüística verán 08*

Están xa dispoñibles no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria as listaxes provisionais de adxudicacións e suplencias.

O prazo de aceptación, renuncia ou reclamacións está aberto ata o 13 de maio.

http://www.edu.xunta.es/axudasle



## *Programa de mellora do éxito escolar*

Listaxe provisional de centros seleccionados

Acceder



## *Día de Europa*

O 9 de maio de 1950, Robert Schuman presentou a súa proposta para a creación dunha Europa organizada, requisito indispensable para o mantemento de relacións pacíficas. Esta proposta, coñecida como "Declaración Schuman", considérase o xerme da creación do que actualmente é a Unión Europea. O 9 de maio converteuse no símbolo europeo (Día de Europa) que, xunto coa bandeira, o himno, o lema e a moeda única (o euro) identifican a entidade política da Unión Europea. No Día de Europa celébranse actividades e festexos que achegan Europa aos seus cidadáns e irmandan os distintos pobos da Unión.

http://europa.eu/index_es.htm



**Ourense**



*Fervenza de augas Caídas (A Coruña)*



*Fervenza de Vieiros (Lugo)*



*Fervenza do Pozo dos Fumes (Ourense)*



*Regato S. Argallo (Pontevedra)*

# *Libro de lexislación de primaria*

Publicación en formato PDF que recolle a lexislación LOE de aplicación na educación primaria e que será enviado aos centros de EP nos vindeiros días.

Acceder ao documento

(3,9 Mb)




# *Acto de entrega dos premios á innovación educativa 2007*

O pasado venres 25 de abril, no salón de actos do complexo administrativo de San Caetano e presidido pola Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, tivo lugar o acto de entrega dos premios educativos correspondentes aos traballos realizados durante o curso 2006-2007. Foron 47 traballos premiados, todos dunha excelente calidade, que demostran a implicación do profesorado galego mais aló das aulas. Os traballos seleccionados están editados nun DVD que será enviado aos centros educativos e pódense consultar tamén no Portal Galego de Contidos Educativos.

Acceso aos traballos premiados.

# *Premios de innovación educativa*

Adianto das próximas convocatorias dos Premios á innovación educativa e dos Premios a recursos educativos para a sociedade da información 2008.

Ver anuncio




# *Proxectos de innovación educativa*

Nas vindeiras semanas serán publicadas as convocatorias de proxectos de innovación educativa en centros educativos galegos sostidos con fondos públicos 2008-2009.

Este ano amplíase a convocatoria, que abrangue seis ámbitos: mellora dos resultados educativos, plurilingüismo, normalización lingüística do galego, bibliotecas, valores democráticos e uso educativo das TIC.

Ver anuncio



## Instrumentos musicais









# *Premios nacionais de prácticas escolares. Fomento da convivencia escolar*



No BOE do pasado 24 de Abril publícase a terceira convocatoria do Concurso Nacional de Buenas Prácticas de Convivencia, dirixida a centros sostidos con fondos públicos. O prazo de solicitude de participación remata o vindeiro 30 de xuño.

Acceso á convocatoria

# *Climántica*

Convocatoria da 2ª edición dos Premios Climántica por traballos presentados ao primeiro congreso de estudantes de Climántica. Os traballos remitiranse á seguinte dirección de correo electrónico **concursos@climantica.org** ou ben ao enderezo de contacto de Climántica.

O prazo de presentación de traballos vai ata o 15 de maio do 2008.

http://climantica.org




# *El CSIC en la escuela*

Un programa de ámbito nacional do Consejo Superior de Investigaciones Científicas que establece unha colaboración entre investigadores e mestres, co obxectivo de introducir o ensino da ciencia nas primeiras etapas da educación.

As actividades do CSIC na escola son: formación científica, aplicacións na aula e comunicación social da ciencia.

http://www.csicenlaescuela.csic.es/




# *Primavera de Europa*

"Primavera de Europa" é unha iniciativa anual co obxectivo de animar aos centros escolares a dedicar un ou varios días do seu calendario para organizar distintos actos nos que debater, relacionarse e reflexionar sobre cuestións europeas.

É unha oportunidade única para que os escolares expresen as súas opinións o fagan oír as súas voces en Europa.

Mais información



*Ligazón á páxina de lexislación educativa: acceso*

*O liberespazo: acceso*

*Unidade de muller e ciencia: acceso*

# *Webs temáticos*

**Contidos Educativos**

**http://www.edu.xunta.es/contidos**



**Plan Galego de Convivencia**

**http://www.edu.xunta.es/convivencia**

**Plan Valora**

**http://www.edu.xunta.es/valora**

**Linguas estranxeiras**

**http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras**

**Rede TIC de Centros**

**http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_tic**

**Bibliotecas escolares**

**http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog**

# *Publicacións*

- LOE
- O proceso de adaptación. E ti … vas á escola?
- Plan de Convivencia
- Saudiña
- Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento
- Alumnado con discapacidade motora
- Alumnado con problemas de conduta
- Alumnado con discapacidade intelectual
- Alumnado con sobredotación intelectual